Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Santa Polonia e a Pena de Belán

Polonia, Pelania ou Apolonia é a patroa da Bola (Ourense). Viviu no século III e morreu en Alexandría. Foi martirizada a pedradas, arrincáronlle os dentes un por un e logo queimárona. É santa patroa dos dentistas e abogosa contra a dor de moas.

De Santa Polonia cóntase que estivo agachada na Pena de Belán, no Monte do Cura, en Millán, Sober (Lugo), naquelas coviñas, cando a perseguían os bárbaros.

Moi preto desta pena hai unha fonte con augas moi boas para as dores de moas.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ LLANO, E., Descripción del término municipal de Sober, Imprenta Fénix, Monforte de Lemos, 1977.

VV.AA., Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.